Firmado por: ***393*** - MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (FECHA: 2025-11-24 15:12:16.00)
CVD: w0g1m54CYrRqt+D+Nk7q
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 11040/2025

## DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPEDIENTE NÚMERO: 2025/G007/000012

**Excmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, alcalde-presidente do Excmo. Concello de Lugo.**

Vista a relación de expedientes conclusos asinada pola secretaria xeral do Pleno en data 24 de novembro de 2025 e, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **ORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar, no salón de sesións, sito na praza Maior número 1, o vindeiro **xoves**, día **27 de novembro de 2025**, ás **DEZ DA MAÑÁ**, de acordo coa seguinte **orde do día**:

1/162 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2025.

### A) <u>PARTE RESOLUTIVA</u>

#### EDUCACIÓN

2/163 PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.

#### URBANISMO

3/164 PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES.

#### INTERVENCIÓN

4/165 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 12-2025. REPAROS 77-2025 E 87-2025.

#### ACTAS E GOBERNO

5/166 MODIFICACIÓN DA ACTUAL REDACCIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/78, ADOPTADO NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓN A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓN ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

#### PROPOSICIÓNS



MURALLA
patrimonio da humanidade

6/167 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, NÚMERO 349/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA REFORZAR O CONTROL DE PRAGAS E ESIXIR MAIOR COMPROMISO DA XUNTA DE GALICIA (Exp. 2025/G004/000699).

7/168 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, NÚMERO 350/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A IMPLANTACIÓN DA ENFERMEIRA ESCOLAR NOS CENTROS EDUCATIVOS (Exp. 2025/G004/000700).

8/169 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 352/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO INICIE A TRAMITACIÓN QUE DOTE A OMBREIRO DO SERVIZO DE SANEAMENTO E ABASTECEMENTO CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DA SENDA PEONIL PROXECTADA POLA XUNTA DE GALICIA (Exp. 2025/G004/000694).

9/170 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 353/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO DESBLOQUEE O PROXECTO DENOMINADO 'INTERCEPTOR DE AUGAS RESIDUAIS NA N-540 EN ESPERANTE' E INCLÚA O ABASTECEMENTO (Exp. 2025/G004/000701).

10/171 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 354/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR UNHA ENTRADA SEGURA E BEN ILUMINADA NA ROTONDA DE NADELA (Exp. 2025/G004/000702).

11/172 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 355/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN A COLABORAR NA MELLORA DA SEGURIDADE DOS PUNTOS PERIGOSOS NAS ESTRADAS EN TRAMOS QUE CONFLÚEN CO CAMIÑO DE SANTIAGO (Exp. 2025/G004/000703).

## B) <u>PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL</u>

### INTERVENCIÓN

12/173 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL PERMANENTE PLANIFICABLE OBRIGATORIO SOBRE O CONTROL DA EXISTENCIA DE OBRIGACIÓN DERIVADAS DE GASTOS REALIZADOS OU BENS E SERVIZOS RECIBIDOS SEN IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA (CONTA 413) DO EXERCICIO 2024.

13/174 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS CONTRATOS PRORROGADOS TACITAMENTE UNHA VEZ ESGOTADO O PRAZO CONVENCIONAL DE DURACIÓN DURANTE O ANO 2024.

14/175 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DE ANÁLISE DOS EXPEDIENTES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS NOS CONTRATOS CELEBRADOS NO EXERCICIO 2024.

15/176 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DE ANÁLISE DA EXECUCIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023-2025 DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO. ANUALIDADE 2023.

16/177 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE AUDITORÍA DE CONTAS SOBRE A ENTIDADE MERCANTIL EVISLUSA RELATIVA Á ACTIVIDADE ECONÓMICO FINANCEIRA DO EXERCICIO 2024.

17/178 DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2025.

18/179 DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2025.

**TESOURERÍA**

19/180 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE OUTUBRO DE 2025.

20/181 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2025.

**ACTAS E GOBERNO**

21/182 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/00690).

22/183 DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, LOGO DA INCORPORACIÓN DA CONCELLEIRA DONA MARÍA REIGOSA CASTRO (2025/G004/000653).

23/184 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 10280/2025, DO 4 DE NOVEMBRO, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, SOBRE A NOVA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL LOGO DA TOMA DE POSESIÓN DA

CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, DONA MARÍA REIGOSA CASTRO (2025/G004/000674).

**C) <u>ROGOS E PREGUNTAS</u>**

**ROGOS:**

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 356/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL IMPULSE E FOMENTE A INSTALACIÓN DE CONTADORES DIXITAIS E SE ESTABLEZAN BONIFICACIÓNS OU AXUDAS ECONÓMICAS.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 357/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ATENDAN AS DEMANDAS DOS VECIÑOS DE SAN XOÁN DO ALTO RESPECTO DOS CONTEDORES DE LIXO E A INSTALACIÓN DA MARQUESIÑA DO BUS.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 358/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE REPARE, PAVIMENTE E MELLORE A DRENAXE NA RÚA AGRO DO GRANXEIRO.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 359/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PLANIFIQUE O SANEAMENTO E ABASTECEMENTO DE AUGA Á PARROQUIA DE BASCUAS.

**PREGUNTAS:**

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 360/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ESTADO DAS PISTAS DAS PEDREIRAS.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 361/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA SITUACIÓN ACTUAL DO PROCEDEMENTO PARA A FORMALIZACIÓN E ADAPTACIÓN DO CONVENIO CO COLEXIO DE XESTORES/AS ADMINISTRATIVOS/AS.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 362/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS DEMANDAS DOS VECIÑOS DE CASÁS QUE SE ELEVARON AO PLENO DO 29 DE MAIO DE 2025.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 363/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA PROBLEMÁTICA DO ‘BOTELLÓN’ EN DISTINTOS PUNTOS DA CIDADE.

**D) <u>DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS</u>**

**-** DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

Notifíqueselles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.